



# DEBATES

Ao pé de cada apartado sitúanse as preguntas que serviron como guión para o desenvolvemento do debate.

## CUESTIÓNS ECOLÓXICAS E SILVÍCOLAS

### CLIMA

**Os índices de predición de risco meteorolóxico de incendios utilizados en Galicia (ou na Península Ibérica) son os máis adecuados?**

**Existe a posibilidade de que sexan mellorados? En que sentido?**

**Como deberían utilizarse?**

**En relación coas predicións de cambio climático relativas aos riscos de incendio forestal, son de suficiente seguridade como para que sexan tidas en conta á hora de tomar medidas estratéxicas de Política Forestal?**

O **clima** é un factor fundamental á hora de falar da **prevención**, do **desencadeamento** e da **extinción** de incendios. A temperatura, o vento e a humidade son só algúns dos elementos que determinarán, por exemplo, a velocidade coa que se propagará o lume ou a dificultade para sufocalo. Por este motivo, resulta esencial para tomar decisións fronte a un incendio comprender e coñecer a relación que se establece entre o lume e a meteoroloxía e dispoñer non só dun **sistema** de avaliación e de **predición do nivel de risco** e de perigosidade aos que está exposto cada territorio, senón tamén de métodos de



predición do comportamento do lume nos combustibles de Galicia, de cara a mellorar a eficacia das tarefas de extinción e a seguridade dos combatentes e da poboación afectada.

As **estacións meteorolóxicas** son un elemento imprescindible para a elaboración das **predicións** meteorolóxicas. Neste punto, atopamos o primeiro desacordo do debate: por unha banda, Tarsy Carballas, profesora do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, considera importante **incrementar o número** de estacións para obter un maior número de datos, mentres que o profesor da USC Francisco Díaz-Fierros afirma que máis que multiplicar o seu número, o axeitado sería facer unha **selección** das máis significativas e traballar sobre elas.

Os **mapas de risco meteorolóxico** poden establecer as previsións de aparición de incendios e sinalan as condicións da súa propagación. Entre as súas funcións están as de alertar as diferentes localidades, en función do nivel de risco, e servir de **axuda na toma de decisións** para a mobilización de efectivos de extinción. Porén, para isto último, é moito máis eficaz contar con sistemas de predición do comportamento do lume que teñan en conta non só a meteoroloxía, senón tamén as características de combustible e a topografía dos terreos onde o lume está actuando.

Os modelos de prevención actuais ademais de rexistrar variables climatolóxicas, tamén consideran **variables mixtas** como a **compoñente sociolóxica** e o historial de incendios. O clima non é o único factor que desencadea dun incendio, hai que ter en conta cuestións esenciais como a exposición, a vulnerabilidade e a compoñente estrutural do terreo (tipo de vexetación, de terra, etc.).

En Galicia, hai xa moito tempo que se emprega un índice mixto que recolle as condicións climáticas das distintas zonas e o **historial de incendios** ocorridos durante os trinta últimos anos. Este índice sinala cales son as zonas con máis risco de incendio. En xeral, podemos dicir que o modelo galego resulta eficaz no



seu territorio e, ademais, é o único que se pode empregar en Galicia con fiabilidade.

José Antonio Vega, do Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia, e Francisco Rodríguez y Silva, da Universidade de Córdoba, suxiren o emprego do **Índice Haines**, que mide a estabilidade e a sequidade do aire que circula sobre o lume, como unha axuda para estimar a potencialidade de crecemento súbito do incendio e a posibilidade de transporte de faíscas a partir do lume principal.

Os índices de predición de risco teñen que ser **validados e actualizados** constantemente para poder ser útiles e funcionais. Neste senso, as principais incorporacións que cómpre afrontar nestes intres son as derivadas do cambio climático que está a experimentar o planeta.

## **VEJETACIÓN**

**A inflamabilidade, combustibilidade e pirofitismo de árbores como o piñeiro e o eucalipto, teñen que ver, como causa determinante, cos incendios forestais en Galicia e coas súas consecuencias?**

**As especies frondosas, a excepción do eucalipto, Son afectadas proporcionalmente polos incendios en menor medida que os piñeiros e os eucaliptos?**

**Podería ser unha medida axeitada, valorando os seus proles (ecolóxicos) e contras (económicos) primar a repoboación con especies diferentes de piñeiros e eucaliptos**

**Dada a sensibilidade do castiñeiro aos efectos do lume, sería aconsellable o seu uso como sistema preventivo?**

**É conveniente diversificar en maior medida a cuberta forestal galega? É acertado recomendar, como norma xeral, a reforestación con frondosas dos montes queimados?**

**Hai especies arbustivas nos montes de Galicia especialmente combustibles e proclives ao lume?**



### **A vexetación arbustiva dos montes galegos é causa grave dos problemas estruturais de combustibilidade?**

No debate sobre a influencia que determinadas especies arbóreas ou formacións poden ter na propagación dos lumes, os participantes chegaron a un certo **consenso**. A principal conclusión foi que a existencia dunha ou outra especie nunha zona concreta non é tan determinante para o número e intensidade dos lumes como a forma en que se **xestionen esas extensións de monte**, os **usos que se lles dean** e a relación que teña a sociedade con elas.

Por exemplo, para Francisco Dans “*o problema non é o eucalipto, senón a xestión*”. Así, o norte de Galicia, con grandes extensións desta especie arbórea, é a zona do país que menos arde; a razón é que nestes lugares o **monte está ordenado** e non se produce un conflito de usos. Dans cre, ademais, que a polémica centrada na bondade ou maldade das especies é estéril e provoca confusión. No mesmo senso, o portugués Paulo Mateos pensa que a vexetación é unha causa determinante dos lumes, mais ao mesmo nivel que outras. Mateos coida que a clave está no “*equilibrio coa natureza*”; é imprescindible traballar cunha estratexia global para o monte, cunha “*ollada técnica*” e adaptada ao territorio, minimizando os riscos e **especializando o territorio**, pois hai zonas en que mesmo está xustificado o uso masivo dunha especie.

Con todo, para outros expertos, o **tipo de vexetación**, sen ser a causa principal do lume, segue a ser un **factor moi determinante**. Por exemplo, para Mercedes Casal a combustibilidade non é unha causa dos lumes pero incide nas súas consecuencias, pois certas especies resisten menos que outras o dano polo lume e poden favorecer a súa **intensidade**. Para Xesús Pereiras, aínda que a maior combustibilidade do piñeiro e do eucalipto está “*probada empiricamente*”, máis importante que esta característica das especies é o tipo de formación que provocan: moi densa e favorecedora do xurdimento dunha gran cantidade de **biomasa** aos seus pés, moi diferente da producida polas especies caducifolias. José Antonio Vega sinala que o problema non está tanto nas especies, pois puido comprobarse que outros aspectos, como a exposición, nos



recentes incendios de verán influíron máis na humidade dos combustibles que as propias especies. Ademais, cuestiona os métodos empíricos empregados ata agora para determinar a inflamabilidade das diferentes especies, xa que cando o lume é intenso as diferenzas de resposta destas poden ser irrelevantes. En canto a isto, Fernández de Ana Magán cuestiona a eficacia do castiñeiro como barreira verde, sinalando a extremada sensibilidade desta especie aos danos polo lume.

Pola súa banda, Adela Figueroa e Xesús Pereiras coinciden en que a clave está no abandono do monte, na **ruptura do vínculo do medio rural co monte**. De igual xeito, o profesor Herminio Botelho afirma, desde a experiencia portuguesa, que o máis importante para a protección do monte, tendo en conta o carácter maioritariamente privado da súa propiedade en Galicia, é **implicar os propietarios na súa conservación**. Cre, ademais, que as administracións públicas deben ocuparse de organizar a superficie forestal. O subdirector xeral de Defensa Contra os Incendios Forestais, Xosé Antonio Portos, asumiu este obxectivo de **ordenar a superficie forestal** e tamén a conclusión xeneralizada de que a clave das políticas forestais debe ser a xestión do monte e non o debate sobre a conveniencia dunha ou doutra especie. Ademais, estivo de acordo en que a clave está na perda de equilibrio entre os distintos usos do monte e o despoboamento da zona rural, que provoca que non quede “*xente que defenda o monte*”.

Incidindo neste punto, outra das conclusións desta sesión podería ser resumida na afirmación dun dos asistentes: “*a única forma de evitar que os lumes sexan redundantes é facer que o monte sexa rendible*”. Neste debate sobre a **rendibilidade do monte**, Carlos Vales introduce a idea de que os bosques non son só un ben económico e reclama unha maior **intervención da Administración**, xa que a superficie forestal ocupa dúas terceiras partes do territorio galego, polo que o monte ten repercusión en toda a sociedade. Ao mesmo tempo, Vales lembra o ditame elaborado polo Parlamento galego en 1990, que xa reclamaba a diversificación de especies e usos, a regulación das quendas de corta e o aumento da superficie pública; pide tamén que a **política**



**forestal** sexa **consensuada** entre os tres grandes partidos, para que non cambie cada catro anos.

En aspectos máis particulares si se produciron certas discrepancias entre os expertos. Por exemplo, no **tipo de intervencións** que o poder público pode realizar, nas características dos repoboamentos ou mesmo nas **posibilidades de éxito** destas políticas, tendo en conta as características do monte galego.

Así, Antonio Rigueiro cre que a clave do monte galego está na súa estrutura de propiedade, con máis de **600 000 propietarios forestais particulares**; para el esta característica fai inviable calquera intento de transformar rapidamente o monte. A este respecto, Plácido Baamonde lembra que, por moi boas que foron as intencións de anteriores gobernos galegos, os seus proxectos de repoboamento con especies frondosas fracasaron, debido ao **baixo índice de resposta dos propietarios**. Rigueiro, malia estar de acordo con Plácido Baamonde, reclama que a Administración debe implicarse máis directamente nestes proxectos de repoboamento, nos **montes de propiedade pública e de xestión pública**, nos **montes veciñais**, así como nos **bancos de terras** creados. A este respecto, Fernández de Ana Magán denuncia que a metade do monte comunal (unhas 300 000 ha) está sen xestión, malia que a Administración ten a obriga legal de xestionalos. Desde Asturias, Miguel Ángel Álvarez está de acordo con que a ordenación do territorio é o tema fundamental, aínda que o Principado conta coa vantaxe de dispor dunha gran superficie de monte de utilidade pública. Para Tarsy Carballas, a clave para elixir as especies máis convenientes para repoboar está nos **solos**, que deben ser analizados para decidir a posterior planificación.

Paradoxalmente, Paulo Mateos atopa **vantaxes na estrutura de propiedade do monte** existente en Galicia e no norte de Portugal; afirma que a existencia de 600.000 propietarios supón un **corpo social moi preocupado polo monte** que pode converterse no motor da prevención. O minifundio pode posibilitar a existencia dunha maior **diversidade** de montes e especies. O subdirector xeral de Defensa Contra os Incendios Forestais, Xosé



Antonio Portos, asume esta opinión e opina que a experiencia portuguesa está pesando moito na **redacción da nova lei galega**.

En calquera caso, Rigueiro afirma que para que estas políticas teñan éxito debe pensarse sempre no **aspecto produtivo** para a sociedade co obxectivo de que os **proprietarios se impliquen**. Así, lembra que en Francia ou Alemaña existen bosques de carballos e faias moi produtivos, iso si, con ciclos de corta de case cen anos. Malia as dificultades, Rigueiro di que “*nalgún momento hai que comezar*” e que “*é o único camiño viable*”. En relación coas repoboacións con frondosas, Carlos Vales reclama que non se pode deixar o deseño unicamente á iniciativa privada, tendo en conta que os propietarios non dispoñen dun poder adquisitivo suficiente para soportar **ciclos de corta moi longos**.

Alfonso Fernández amósase moi crítico, tanto coas **políticas de reforestación**, ás que acusa de ser simples “**parches**” en lugar de constituír unha verdadeira política de ordenación, como coas concentracións parcelarias, que en moitos lugares substituíron bosques por xestas. Pola súa banda, Adela Figueroa critica a repoboación realizada por Tragsa tras os lumes do verán, pois cre que o máis importante debe ser salvar os solos. Pola súa banda, Díaz-Fierros dubida da necesidade de repoboar máis superficie, xa que na actualidade estase preto do 50% da superficie total de Galicia ocupada por masa arborada, e opina que é mellor xestionar máis correctamente o que xa temos. Pola súa banda, José Antonio Vega reclama tamén unha maior **diversificación de especies forestais**, como unha medida non só preventiva senón tamén necesaria desde o punto de vista ecolóxico. Sinala que o arborado resulta mellor que a matogueira non só desde o punto de vista de aceleración da reconstitución dos sistemas degradados e, mesmo queimados, pois **protexe mellor o solo da erosión**. O mesmo opina Carlos Vales, quen afirma que todo o monte baixo está formado por especies pirófitas, que son ademais, produto do lume. Vales propón, para eliminar este monte baixo, substituílo por **pasto** ou por **especies caducifolias**, que levan aparelladas especies umbrófilas.



Carlos Vales reclama o uso de **especies axeitadas a cada lugar**: caducifolias para crear solos e para terreos pendentes, e árbores de crecemento rápido para onde se necesite unha maior rendibilidade, así como medidas destinadas a diversificar a produción, sobre todo tendo en conta que en Galicia se dan as condicións para plantar **especies máis produtivas**. Neste senso, Fernández de Ana Magán tamén denuncia a inexistencia en Galicia de **industrias** preparadas para tratar madeiras de calidade, que son **transformadas** noutros lugares, onde acadan un maior **valor específico**. Finalmente, o subdirector xeral, Xosé Antonio Portos, afirma que, de estruturar convenientemente a industria madeireira galega, podería haber unha importante demanda de frondosas.

## PAISAXE

**Existen paisaxes tradicionais con características derivadas do uso recorrente do lume? Deberían preservarse? Como?**

**Que perturbacións máis notables produciría, en xeral, o lume sobre as paisaxes galegas?**

**Son irreversibles estas perturbacións? Que importancia terían? Que medidas paliativas ou rexenerativas deberían tomarse?**

**Como percibe o habitante do mundo rural a destrución da paisaxe polo lume? Existen diferenzas co habitante urbano?**

Cando se fala da paisaxe hai que ter en conta dúas variables: por unha banda, está a **paisaxe subxectiva**, estética, e, pola outra, os **recursos naturais**, a biodiversidade.

Esteticamente, o efecto do lume sobre a paisaxe pode chegar a ser desolador pola perda dunha imaxe e dunhas cores, é dicir, pola sensación de quietude ou inquietude que pode transmitir unha escena natural. A destrución de espazos



esperta en nós unha serie de sentimentos porque estamos acostumados a unha luz e a uns esquemas visuais determinados.

Se falamos dos recursos naturais, un incendio vai moito máis alá do que é a simple perda dun conxunto de sensacións. Cando o lume arrasa un terreo, as **perdas de solo** poden ser irreversibles. Se se produce unha **erosión** por enriba das taxas de formación do terreo, acádase unha **degradación permanente do ecosistema**. O lume elimina a biodiversidade.

Na actualidade están a producirse **cambios** importantes tanto no emprego como na estética da terra, o que orixina unha forte **tendencia cara á simplificación** e á banalización das unidades da paisaxe claramente representadas, tal e como afirma a profesora da USC Mercedes Casal, na presenza abusiva de mato. Unha posible forma de preservar a paisaxe tradicional sería a posta en marcha dunha serie de queimas controladas, un modelo de acción que necesariamente tería que estar regulado por unha iniciativa pública e que non é fácil **poñer en marcha en Galicia dada a enorme cantidade de propietarios que teñen os montes galegos**. De todas maneiras, cunha política de ordenación do territorio axeitada sería posible o mantemento dun certo control do mato e a permanencia da paisaxe tradicional de carácter reticulado e en mosaico. Segundo Herminio Botelho, para eses obxectivos a multiplicidade dos propietarios podería ser, mesmo, unha vantaxe.

## **MEDIDAS SILVÍCOLAS**

**É razoable propoñer como solución fundamental, e case única, o desbroce (“limpeza” en nefasto termo coloquial) de matogueira e outros labores silvícolas?**

**Canta superficie se pode desbrozar ao ano? Con que custo e con que dificultades loxísticas?**



**Que problemas presentaría o desbroce masivo se non hai unha incorporación posterior ao solo de residuos vexetais?**

**O pastoreo controlado, pode ser unha técnica aconsellable de control do mato en terreos arborados ou desarborados de cara á prevención de incendios?**

**Os lumes prescritos, que papel desempeñarían no control do mato?**

**Cal sería o sistema para rachar a relación lume-pastoreo en amplas zonas forestais galegas?**

**Sería conveniente deseñar unha rede de áreas cortalumes estratexicamente distribuídas pola superficie forestal galega? Con que características e con que amplitude?**

Na sesión dedicada ás medidas silvícolas que se lle deberían aplicar ao monte para contribuír á prevención dos lumes, si se produciu un **importante debate** centrado nas **rozás**, así como nos distintos **usos** que se lle deben dar a esta **biomasa** ou fitomasa. En particular, tratouse a posibilidade de producir enerxía eléctrica e calor a partir de mato, madeira e outros elementos combustibles presentes no monte.

Segundo Francisco Dans, en Galicia córtase madeira moi por debaixo das posibilidades (ao redor do cincuenta por cento) debido ao estancamento da demanda. Propóñense diversas saídas para esa **producción silvícola non aproveitada**: o uso da biomasa para a produción eléctrica ou a diversificación da produción (silvopastoreo, cultivos enerxéticos leñosos...). No que respecta á produción eléctrica con biomasa, Dans e Fernández de Ana Magán fan fincapé no actual debate sobre a **nova lei do sector eléctrico**, na que, se se aposta pola **enerxía verde**, a través de compensacións económicas ou outros procedementos, podería facer moi **rendibles** estas empresas. Ambos os dous advirten da relevancia da decisión política que se tome nos vindeiros meses sobre a prima aplicada ao quilovatio producido con enerxía verde. A importancia deste proceso é, sobre todo, que esta modalidade de produción



eléctrica parte dunha **actividade económica preferentemente rural** cuxos beneficios poderían reverter nestas zonas.

As plantas de produción eléctrica a partir de biomasa existentes na actualidade en Galicia foron tamén obxecto de debate. En concreto, **Allarluz**, unha das pioneiras, é **criticada** por, entre outros, Carlos Vales, quen afirma que non lle gusta o modelo, pois dubida que a mellor forma de limpar os montes sexa incinerando. Alfonso Fernández é escéptico e afirma tamén que producir enerxía limpa segue sendo caro e consome enerxía. Pola contra, Jesús Pereiras **defende** este tipo de plantas, mesmo a de Allariz; en concreto, lembra que hai que ter en conta que Allarluz ía aparellada a unha planta de coxeneración eléctrica, nunca posta en marcha. En calquera caso, afirma que o fundamental é a **dimensión das plantas produtoras**, que non debe ser demasiado grande; deste xeito, as **plantas están ao servizo do monte** (aproveitando os recursos sobrantes) e non o monte (gastando recursos) ao servizo destas plantas. Pereiras conclúe que, dado que en Galicia hai **máis de 600 000 hectáreas de matogueira**, hai mato abondo para todos os usos. Pola súa banda, Fernández de Ana Magán defende a creación de pequenas unidades de produción de calor (non eléctricas), alimentadas cos labores silvícolas do monte. En concreto, fala dun proxecto que se está a realizar en Xinzo (Ponteareas), que proporcionará calefacción a quince vivendas coas rozas de 800 hectáreas de monte veciñal.

En canto ao debate sobre a conveniencia de efectuar rozas masivas, Paulo Mateos cre necesario, para previr os lumes, **reducir a cantidade de elementos combustibles** no monte, a través de actividades tradicionais (**silvopastoreo**), labores silvícolas, uso da biomasa para a **produción eléctrica** ou a chamada “*xestión estratéxica de combustibles*”: **queimas prescritas** realizadas por equipos preparados. Tamén José Antonio Vega defende que a silvicultura pode levar a cabo tratamentos preventivos para reducir a incidencia dos lumes: a través do pastoreo, as rozas, o uso da biomasa e as queimas prescritas e mais a diversificación de especies e a reticulación das áreas forestais mediante a diversificación de usos, creando mosaicos que servirían para manter as características tradicionais da paisaxe galega. A este



respecto, o profesor Botelho alerta de que temos que afacernos a xestionar a biomasa nunhas novas condicións climáticas máis extremas.

Pola contra, en relación coas rozas, a Carlos Vales preocúpalle que o monte siga **exportando nutrientes** cando ten serios **problemas de fertilidade**; finalmente, avisa sobre as “limpezas masivas”, pois “non todo o mato é malo”. Do mesmo xeito, para Fernández de Ana Magán, rozar debe implicar deixar no terreo os materiais cortados, para fertilizar o solo e axudar a reter a humidade. Díaz-Fierros defende, en todo caso, o “control” do mato, non a súa eliminación, debido a que a matogueira tamén é un ecosistema cunha **riqueza que debe ser conservada**. O mesmo opina Otilia Reyes, as brañas non son sensibles aos lume, polo que deberían ficar fóra das rozas. Ademais, recomenda que as rozas se realicen en mosaico para non provocar problemas de **erosión**.

## CONSERVACIÓN

**Existe unha conciencia clara, entre os diferentes sectores implicados, de que nun incendio se perde algo máis que madeira? E de que os seus efectos se poden estender moito tempo despois de que ocorrese o incendio?**

**Hai en Galicia (ou na Península Ibérica) experiencias dabondo sobre restauración ou conservación dos ecosistemas (biota, solo e augas) despois do lume? Se non as hai, que accións deberían emprenderse nese sentido?**

**Son adaptables as experiencias doutros países (de USA, p.e.)? Ata onde?**

**Na restauración de áreas incendiadas, é mellor utilizar especies introducidas ou potenciar as autóctonas que se rexeneren espontaneamente? Os espazos protexidos deberían recibir un tratamento singular?**

**Débese permitir o voluntarismo das accións emprendidas a escala local sen ter antes un plan xeral de restauración de ámbito autonómico?**

**Á vista dos problemas xurdidos en Galicia na coordinación entre consellarías para levar a cabo medidas de conservación, non sería axeitado unificar, baixo un**



**organismo único, a política de conservación do medio (biota, solo e auga) post-incendio?**

A percepción social dos incendios, en xeral, está notablemente desenfocada. Na maior parte dos casos a **preocupación** recae exclusivamente sobre a **madeira e a vexetación** queimadas e **non sobre as posibles perdas de solo**, de estruturas, de nutrientes... As medidas de conservación do medio despois do incendio deben recibir máis interese por parte das diferentes administracións e deben atender mesmo a concienciar a parte da poboación das intervencións directas sobre o medio. Neste caso, débense articular medidas de urxencia (nos meses seguintes ao lume) a curto prazo (no ano seguinte) e a máis longo prazo.

Ramón Vallejo, do CEAM (Valencia), cre que **non sempre** que se queima o monte é necesario **actuar inmediatamente** sobre el; a necesidade de actuación dependerá dos impactos e dos obxectivos da xestión. Unha opinión coa que non concorda Tarsy Carballas, profesora do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, quen afirma que é necesario buscar técnicas de **protección do solo inmediatamente** despois de que se produza un incendio, xa que a vexetación tarda como mínimo uns 2 ou 3 meses en cubrir simplemente un 10% da terra. No que si hai acordo é en que a política de restauración posterior a un incendio debe estar unificada e **integrada na política de prevención** de lumes.

Para restaurar un terreo, o primeiro que fai falla son **recursos económicos**. Sen eles non se pode estudar o que se vai plantar en cada zona (segundo variables como a profundidade, o tipo de terra...). Ademais da vertente económica, é imprescindible contar co apartado técnico. Falamos de técnicas caras que hai que aplicar de xeito selectivo porque non serven por igual para todo o territorio. Neste sentido, é fundamental contar cun plan de restauración. Tamén son esenciais e necesarias a creación e a **aplicación do marco legal** axeitado para implicar na conservación e protección do patrimonio natural os órganos de goberno competentes na materia e mellorar a coordinación coas administracións públicas e locais.



Nestes momentos, e logo de ver o que aconteceu nos montes galegos no ano 2006, é máis que obrigatorio salientar a **necesidade de unificar** todo o relacionado coa política de conservación do medio natural baixo un único organismo xestor, un organismo que coordine as actuacións levadas a cabo polas distintas institucións, que **unifique criterios** e que poida facerlles fronte ás accións necesarias para organizar todo o relacionado co medio nos meses e anos seguintes ao incendio.



## ASPECTOS SOCIAIS, ECONÓMICOS E POLÍTICOS

Esta segunda mesa redonda impúxose como obxectivo ir **máis aló da análise das consecuencias directas** dos lumes, **afondar** no problema e comezar a analizar **aspectos económicos, sociais e políticos**, tentando examinar as **causas estruturais** dos incendios en Galicia. Economía, sociedade e política están loxicamente **interconectadas** e, en moitas ocasións, é moi difícil separalas. É por iso que o debate foi saltando de xeito natural dun asunto a outro.

Ao pé de cada apartado sitúanse as preguntas que serviron de guión para o desenvolvemento do debate.

### ASPECTOS ECONÓMICOS

**A infrautilización e a utilización inadecuada dos montes. Cal é a súa relación cos incendios? Que responsabilidades poden ser cargadas na conta da Administración, da estrutura mercantil e dos propietarios? Que atrancos se opoñen a unha xestión máis eficiente?**

**A orientación produtiva actual, presenta un hiperprotagonismo da madeira? Está excesivamente condicionada por intereses mercantís consolidados en Galicia desde hai varias décadas? Apóiase na extraordinaria facilidade do proceso produtivo, tanto desde o punto de vista financeiro como técnico? Acentuouse coa aplicación da PAC e a forestación de terras agrarias?**

**Para ese tipo de produción e de mercado, son os incendios un problema grave?, en que pode afectar a globalización e/ou a deslocalización empresarial?**

**A multifuncionalidade produtiva, é desexable en termos xerais? Que dificultades presenta? Que criterios deberían**



**rexer a implantación sobre o terreo das diversas posibilidades? Que vantaxes e inconvenientes presentan alternativas como a produción de biomasa para xeración de enerxía, a plantación de especies madeirables de boa calidade, o aproveitamento gandeiro...?**

**A racionalización económica do uso do monte, non debera ser precedida da xeneralización das ordenacións? ¿Por que non avanza en Galicia?**

**-Economía e medio natural, é posible o respecto mutuo?**

Xosé Carlos Morgade, representante das comunidades de montes, salientou a **infrautilización** do mundo agrario como a primeira causa estrutural dos lumes. Na súa opinión, os usos tradicionais do monte, como fornecedor de alimento para o gando, de combustible para as casas e de fertilizante para as leiras, non foron substituídos por nada, o que derivou nun **monocultivo económico** e un uso reducido á produción de madeira. De igual xeito, criticou que, debido á perda de usos, “*o monte non está como hai 50 anos*”, e que non se limpa: “*só limpan algunhas comunidades e despois milleiros de veciños a nivel individual*”.

María García, de Adegas, coincidiu no diagnóstico da infrautilización dos espazos forestais, e chamou a atención sobre a **responsabilidade indirecta das administracións**, que nas últimas décadas non souberon frear o éxodo do rural, ao tempo que aumentaba a combustibilidade do monte. A este respecto, María García considera que a compostaxe e utilización da biomasa son os métodos máis seguros para evitar a presenza excesiva e incontrolada de especies de mato. É a administración o único actor capaz de asumir esta labor, sempre contando coa poboación rural. Seguindo esta argumentación, José Manuel López Andión, do departamento de Xeografía da USC, afirmou que é precisamente nas zonas do monte máis explotadas economicamente onde hai menos espazo para que se propague o lume, e a superficie está máis controlada. En cambio, no que se coñece como “*zonas residuais*”, pequenas parcelas de propiedade habitualmente de poboación envellecida, leiras improdutivas e descoidadas, é onde se propaga o lume con máis facilidade. De igual xeito,



Mercedes Casal, do departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía da USC, reclama unha **maior presión produtiva** sobre o monte (por exemplo a través dun aumento da poboación nas zonas rurais); e conclúe que non hai por que regresar aos antigos usos, senón que se poden propoñer usos novos, distintos e complementarios. Xesús Balboa, do departamento de Historia Contemporánea da USC, concluíu a este respecto que “*os montes que se coidan e producen, non arden*”. Con todo, a opinión dos expertos non é unánime a este respecto, ou cando menos algúns expertos resistense a chegar a unha conclusión tan definitiva; por exemplo, Fernández de Ana Magán –Centro de Formación e Experimentación Agraria de Lourizán- apunta que este verán arderon montes perfectamente coidados.

Asemade, López Andión colocou a “*urbanización difusa*” como a segunda gran causa da propagación do lume. De igual xeito, Morgade denunciou que tamén a zona rural sofre a **presión urbanística**, e mesmo a **presión da produción enerxética**, e denuncia que moitos montes veciñais foron vendidos a empresas para a instalación de parques eólicos.

Pola contra, o profesor Manuel Jordán, do departamento de Economía Aplicada da USC, expresou as súas dúbidas sobre o feito de que a causalidade máis inmediata ten que ver coa infrautilización. Do mesmo xeito, chamou a atención sobre o feito de que a produción de madeira non sempre é xestionada por xente vinculada á actividade agraria. Este concepto da *infrautilización* do monte, presente no cuestionario inicial, foi contestado igualmente por Fernández de Ana Magán, que quixo matizalo e puntualizar que o monte “*ten usos moi distintos*” e que a “*adecuada*” utilización depende das demandas da sociedade. Do mesmo xeito, discutiu o concepto referido á “*responsabilidade*” dos lumes; para el, é importante que se teña claro que a culpabilidade primeira corresponde aos “*incendiarios*” e en último caso a “**toda a sociedade**”, **non só á administración**. Entre outras cousas, porque “*o goberno elíxeo a sociedade*”. En cambio, Luis Guitián Rivera, do departamento de Xeografía da USC, insistiu en que a administración ten as meirandes responsabilidades, porque é o único actor con capacidade suficiente para enfrontar o problema. En



relación con isto, o tamén membro do departamento de Xeografía da USC, Augusto Pérez Alberti, denuncia que despois de tanto tempo e de tantos cartos gastados, aínda non está dispoñible unha información detallada sobre as características do monte galego.

A fío deste debate sobre políticas públicas, Xosé Carlos Morgade láia-se da ausencia dende sempre dunha verdadeira política de ordenación do territorio, e reclama polo tanto unha **política global para o monte**, que non só se ocupe de aspectos forestais, senón de todas as actividades que nel se realizan, dende o **despoboamento** destas zonas, até o turismo rural. Morgade reclama que na zona rural a **poboación debe ser a protagonista**, e que esta “*política do monte*” debe estar **política e socialmente consensuada**, pois afecta a dous terzos da superficie total do país. Nestas “*políticas integradas*” os primeiros beneficiados deben ser os veciños, “*porque son a quen se lles explotan os recursos*”, di Morgade. Asemade, Xosé Carlos Morgade reivindica que “*a política de montes debe pivotar sobre o monte veciñal*”, pola súa dimensión (económica e en canto á superficie que representan), porque ten menos pretensións de beneficio económico individual e inmediato, o que facilita o establecemento de medidas a medio e longo prazo, baseadas no desenvolvemento sostible, e ademais porque contribúe á cohesión social e a modelos integrados de xestión, que supoñen polos de atracción para iniciativas privadas. A este respecto denuncia que a metade dos montes veciñais están xestionados pola administración, e moitos deles están moi descoidados.

Con todo, Plácido Baamonde lembra que en Galicia, **tan só o 2% do monte é público**, mentres que en Centroeuropa esta proporción rolda o corenta ou o cincuenta por cento, polo que resulta moitísimo máis doado realizar unha política forestal global. Para Baamonde, ademais, Galicia é un país moi individualista, polo que se fai moi difícil planificar ou aplicar normas. Polo tanto, Plácido Baamonde cre que toda política pública debe ter moi en conta a complexidade das características da sociedade propietaria. Pola súa banda, María García propón a creación de Consellos Forestais Comarcais, nos que se



senten e debatan todos os actores implicados no monte, algo que até agora a administración non promoveu.

María García propón **investir máis en prevención, en fomentar emprego local na zona rural**. Di que pode semellar caro, e que pode parecer que Galicia non se pode permitir economicamente iso. Pero partindo da mesma argumentación a representante de Adegas pregúntase se como país Galicia pode *permitirse* sufrir e pagar economicamente unha catástrofe natural cada tres anos. Fernández de Ana Magán concorda con María e denuncia que os poderes públicos gastan máis cartos en extinción e en indemnizacións ca en prevención. De igual xeito, reclama que a administración favoreza o **desenvolvemento da industria forestal**, que –di- dá traballo a unhas cincuenta mil persoas (sen contar coa silvicultura), e podería dar aínda moito máis de si. Fernández de Ana Magán conclúe que “*non hai ecoloxía sen economía*”. Finalmente, Xosé Carlos Morgade chama a atención sobre o feito de que son as comunidades de montes as que están investindo máis cartos no coidado do monte.

Xesús Balboa lembrou que a orixe de moitos dos problemas actuais está na **modificación da estrutura tradicional do monte**, iniciada a finais do século XIX en función das necesidades dun determinado sistema agrario; neste contexto, para favorecer a produción agrícola, as comunidades de montes tiveron que repartir o terreo, resultando un monte enormemente parcelado e **minifundizado**. A este respecto, Díaz-Fierros apuntou que no monte galego coexisten dous tipos de propiedades: as explotacións pequenas e escasamente utilizadas e produtivas, e outras explotacións máis modernizadas e especializadas (con usos gandeiros, forestais e outros cultivos). Díaz-Fierros pregúntase até que punto é aínda válido este esquema.

Fernández de Ana Magán considera que, dada a enorme diversidade do territorio galego, faise moi **difícil presentar un modelo común para todo o país**. Contrapón, por exemplo, a comarca da Barcala, cunha estrutura de propiedade dominada por gandeiros que son ao tempo propietarios de grandes parcelas de monte. E pola outra banda, a estrutura característica das Rías



Baixas, de minifundio, con monte non atendido pero si moi explotado (para madeira). A este respecto Manuel Jordán apunta que “*hai que buscar solucións diversas para problemas diversos*”. No mesmo senso, Luis Guitián Rivera cre que as medidas xeneralizadas son erradas moitas veces, pois aplicadas sobre realidades moi distintas resultan ineficaces e provocan malestar.

Mercedes Casal concorda en que o monte galego ten moitos modelos de uso do territorio, pero que nos últimos 20 anos foron enormemente simplificados, reducíndose por exemplo na provincia da Coruña practicamente a dúas estruturas: eucalipto e pasto, desaparecendo os piñeirais e toda a súa economía vinculada. Casal apunta, polo tanto, que o desexable sería unha **meirande diversidade de especies**. Do mesmo xeito, María García defende a diversidade de usos e especies, mais sempre partindo dunha ordenación do monte, pois non todo vale. A representante de Adegas cre que a administración debe **intervir decididamente**, pois non é realista esixirlle á xente que pense por si soa un proxecto global para un monte que pode tardar corenta ou cincuenta anos en ser produtivo.

Pola súa banda, Fernández de Ana Magán reclama o valor das “**especies pioneiras**”, coma as coníferas, para recuperar terreos, pois prenden con moita facilidade. Defende a idoneidade do piñeiro para os repoboamentos, pero sempre que se escollan especies de calidade, como o “*piñeiro femia*”. Defende igualmente ao **eucalipto**, con grandes virtudes, como a facilidade que ten de “*converter o sol en madeira*”. Afirmar que a facilidade con que crece en Galicia e no norte de Portugal é un recurso único en Europa. Di que o fallo é non saber utilizalo: hai que saber onde plantalo (non facelo nas zonas altas) e que a administración controle a súa correcta utilización.

Plácido Baamonde alerta de que na sociedade existe unha “*despreocupación, unha inconsciencia e unha irresponsabilidade xerais*” cara ao problema do lume. E que a **inconsciencia** chega até as autoridades políticas, o que para Baamonde é “*moi preocupante*”. Ademais, Plácido Baamonde denuncia que o monte galego está controlado por unhas poucas



persoas, nos máis de 200 ou 300, pastores na súa meirande parte, que conforman un sólido grupo de presión e manexan o monte e a paisaxe, e lle plantan lume cando unha decisión política non lles gusta.

A este respecto, Morgade apunta que a razón de que non exista a sensibilidade social cara aos lumes que debería haber radica en que en realidade os lumes non lles xeran grandes problemas económicos nin ás empresas nin aos veciños. Cre que o lume non é un problema grave para os veciños até que chega ás casas, e que polo tanto non crea un “*estado de opinión*” na parroquia. Neste senso, Morgade denuncia asemade que “*os incendios, como problema de país, son un fenómeno mediático*” e que se o pasado ano tivesen ardido as mesmas hectáreas nas comarcas do interior os medios de comunicación non terían falado tanto. Con todo, Morgade tamén advirte unha cada vez **meirande concienciación no mundo rural** sobre o problema do lume, o que derivou no último ano nunha maior persecución social contra os incendiarios.

En relación con isto, Pérez Alberti denuncia que os habitantes da zona rural non valoran o monte (lembra a este respecto a expresión “*terras a monte*”, sinónimo dun terreo descoidado). Reclama, polo tanto, unha **política de educación ambiental**, para que se comece a valorar o monte, non só polo seu valor económico, senón simplemente porque é unha realidade, algo que está aí e debe ser coidado. De igual xeito, Pérez Alberti afirma que hai que desbotar a idea de que o monte que non se usa non vale para nada. Tamén Morgade reclama que esta conciencia da importancia do monte debería ser difundida dende a educación, integrada nos planos de estudo. O problema, para el, parte de que o monte tornou algo pexorativo, pois na conciencia da xente, o feito de non depender necesariamente del para subsistir é percibido como unha conquista social. Do mesmo xeito, Morgade ataca certos discursos lanzados dende o mundo urbano e dirixidos ao mundo rural, ao que exhortan a ter un “*desenvolvemento sostible*”. A partir dese concepto, o representante das comunidades de monte pregúntase: “**que é o que non é sostible, o mundo rural ou o urbano?**”. Critica especialmente que agora se lle reclamen cousas ao rural, despois de ter acabado coa súa economía tradicional.



## ASPECTOS SOCIAIS

**A percepción social do monte, que estímulos poden xerar un maior compromiso coa conservación, pero tamén coa dinamización produtiva? É posible pensar nun compromiso neses termos?**

**A sociedade rural e a xestión dos montes, é posible pensar nunha “reconexión” entre poboación rural e utilización do monte? Con que incentivos ou expectativas, tendo en conta as experiencias pasadas?**

**Os montes veciñais comunais, poden ser motores ou exemplos dunha transformación positiva na xestión colectiva dos recursos? Como evitar a parálise ou desidia que parece afectar á maioría das comunidades? Resulta axeitado o marco legal da propiedade veciñal? En que medida atrancan a mobilización produtiva dos MVMC o avellentamento demográfico, o despoboamento rural e o abandono da actividade agraria?**

**-Os montes de particulares, están sendo adecuadamente xestionados polos seus propietarios? Son a minifundización e o absentismo problemas graves? E a capacitación técnica? Hai moitos montes “*manifestamente mejorables*”?**

Manuel Jordán comeza a sesión falando dos **montes de man común** e afirma que hai moitos tipos de xestión e de administración e, tamén, existen diferentes tipos de explotación (rendistas, de recolección, silvicultura, en situación de abandono...) polo que, en igual medida, as alternativas para solucionar os seus problemas teñen que ser variadas. Os **recursos** cos que se conta para xestionar os montes son escasos. As iniciativas que se emprendan non poden depender por enteiro dos fondos públicos; é conveniente promover iniciativas **encamiñadas a mobilizar o capital privado**. Unha mobilización de enerxías que, a súa vez, leva a reflexionar sobre o **marco legal vixente**.

Manuel Jordán tamén apunta cara a necesidade de modificar a fiscalidade e reflexionar sobre o sentido da **intervención da administración**



nos montes de veciños: a iniciativa privada pode entrar sen problemas alí, onde hai capital e rendementos a curto prazo. O profesor da USC, pregúntase se non tería sentido “repensar” esas intervencións en forma de convenios entre a administración e as comunidades de veciños que poderían estar perfectamente xestionadas sen a necesidade de que interviñese a administración. Ademais, afirma que se se **liberasen recursos**, a administración podería centrarse en comunidades máis abandonadas ou con menos capital, o que repercutiría nunha **meirande eficacia a curto prazo no campo da prevención contra incendios** e unha maior eficiencia.

Jordán afirma que considera necesaria a **creación dun foro de interlocución** máis ou menos estable no que os representantes da propiedade poidan ser escoitados e teñan un diálogo e unha comunicación fluída entre eles e cos representantes da industria, a administración, etc. Tamén fala da necesidade de discriminar positivamente as comunidades de montes polo **tamaño** que teñen, pola superficie, así como da de pensar nos posibles **riscos de incendios** á hora de facer fronte á ordenación do terreo e a súa reestruturación. María García matiza o exposto por Jordan e fala de catro criterios de selección de proxectos ou de comunidades de montes por parte da administración. Así, ao tamaño das comunidades e á priorización das zonas de risco incorpora outros dous factores: **o grao de implicación da comunidade de montes** (o seu funcionamento interno e transparencia) e o **valor económico, social e ecolóxico das masas**.

Xesús Balboa atopa un dos principais problemas da propiedade veciñal no feito de que o seu **recoñecemento legal foi moi tardío**. Por outra banda, existe unha disonancia importante entre a normativa legal actual e a tradición histórica da propiedade veciñal: esta, na súa xestión tradicional, non era democrática e os servizos que prestaba eran individuais ou de carácter familiar, polo que, en certo modo, a propiedade comunal estaba ao servizo da **reproducción de diferenzas sociais**. O aproveitamento non era igualitario porque abastecía a explotacións diferentes. As leis actuais esixen un **funcionamento democrático da comunidade** que non encaixa coa



tradición e bate de fronte co imaxinario tradicional, esixindo un reparto igualitario dos beneficios sexan estes os que sexan.

Para Carlos Morgade, o principal **destrutor da propiedade veciñal é a administración** a través, principalmente, da súa desprotección. Non se recoñece que é unha **propiedade privada** porque pertence a un grupo de veciños, o que se toma como grupo social, pero tampouco se toma como ente administrativo ou político. Ademais, os posibles beneficios tampouco se consideran como tales porque existe unha situación de desprotección importante fronte á propiedade privada particular. Outro problema radica en que á hora de falar de usos, formas de xestión e aproveitamento dos terreos veciñais, nunca se menciona o **cambio de titularidade** da terra. Morgade tamén defende o **carácter comunitario** da terra e que, con independencia do seu fundamento histórico, a organización dos comuneiros foi a máis democrática. Para el, as comunidades que mellor funcionan son aquelas nas que a maioría dos integrantes non son labregos. Por outra banda, comenta que a fiscalidade, a nivel político, foi unha forma de poñer en branco aos propietarios e que as **cargas económicas derivadas da terra** non están equiparadas en toda a península.

Cambiando de tema, Mercedes Casal propón unha pregunta con respecto á xestión das **especies pioneiras na replantación**: ¿porqué se empregaron os piñeiros como piares na creación de solo no canto de botar man de especies autóctonas tamén de bo crecemento como pode ser o bidueiro? Unha cuestión á que Francisco Díaz-Fierros responde explicando que unha das causas está nos **métodos de repoboación** aplicados despois da Guerra Civil, comezando esta polas Rías Baixas, terreos graníticos con veráns secos nos que o *pinus pinnaster* medra e aséntase moi ben e que se aplicou ese modelo ao resto do territorio. Pola súa parte, Francisco Fernández de Ana Magán fala da repoboación planificada e levada a cabo por Areses, e di que este tivo en conta factores e elementos como o movemento do gando ou os datos dos propios veciños das zonas, concretamente, da **produtividade** que sacaban os habitantes dos lugares nos que se estaba a traballar cos piñeiros femia.



Pola súa banda, Augusto Pérez Alberti salienta a **función ecolóxica da matogueira** e destaca o seu valor ambiental *per se* ao tempo que expón a posibilidade de repoboar o monte con cerdeiras e nogueiras, é dicir, **variar as especies** que se están plantando masivamente no territorio galego, xa que o valor das árbores non está só na súa madeira. Fernández de Ana Magán, respóndelle a Pérez Alberti lembrándolle a importancia da **composición e das condicións do terreo** á hora de falar da plantación de árbores e doutras especies vexetais. Mercedes Casal coincide en que o valor ambiental do mato é indiscutible e sitúa un dos seus puntos de conflito no **cambio de utilización** que sufriu o monte nos últimos anos. O mato tiña para os veciños das aldeas unha función que se perdeu, polo que agora é necesario propoñer **unha nova planificación do seu emprego**. Para a profesora da USC, o ideal sería que as extensións de mato se convertesen en espazos explotados con quendas de corta controladas.

Na súa intervención, Jesús Balboa salienta o feito de que nunca se lle deu ós labregos a **posibilidade de converterse en silvicultores**. A alternativa produtiva dos montes ten que fomentarse dentro da propia sociedade rural, nos propios labregos, que están capacitados para xestionar un monte diferente, un monte forestal. Esa opción non se levou a cabo porque no século XIX se deu por sentado que os labregos non podían converterse en silvicultores e iso mesmo foi o que obrigou a parcelar o monte en función de cómo se viña empregando hai un século e medio. Precisamente, agora ese sistema xa non é válido e ese tipo de **estruturación da propiedade converteuse nun problema** moi grave.

Balboa denuncia que **historicamente negóuselles aos labregos a posibilidade de ser silvicultores**, foron expulsados do monte, e agora pídeselles que volvan. Balboa denuncia tamén as dificultades de superar o minifundio mediante o intercambio e agrupación de propiedades. Para intercambiar leiras, hai que superar moitos trámites e pagar moito, non compensa. A este respecto, María García pide “**estimular á xente do rural**”, mediante medidas como a compensación polos ataque de animais silvestres, a



reparación de pistas, a rehabilitación de aldeas, e a xeración de traballo local nas zonas rurais. A fío desta cuestión, a proposta que fai Fernández de Ana Magán consiste na distribución polas parroquias de **activistas**, de xente nova e concienciada, para estimular aos veciños e para promover a realización de actividades.

Xosé Luis Barreiro Rivas –Departamento de Socioloxía da USC- comeza a súa intervención apuntando aos dous grandes incendios que se produciron nos últimos meses en Estados Unidos, un dos países máis poderosos e con máis recursos do mundo, o que leva a pensar que, en realidade, a **capacidade de reestruturación ou de configuración do monte** non é tanto unha cuestión económica como de organización. Por outro lado, tamén fai fincapé na imposibilidade de reverter o cambio económico e social experimentado por Galicia nas últimas décadas e opina que un país ten que establecer de xeito claro **qué cantidade de monte é capaz de xestionar e de protexer** e procurar non ter elementos que desborden a súa capacidade de xestión. Se o monte medra de máis obriga aos Estados a adquirir un compromiso social. Unha cuestión á que Xosé Antonio Portos, subdirector xeral para a Defensa dos incendios forestais, responde que **o monte xa está definido** e que agora o Estado non pode facer nada neste sentido.

Plácido Baamonde achega o dato de que a terceira parte da superficie forestal de Galicia son montes veciñais, un 20% é superficie viva e unhas 220.000 hectáreas están xestionadas pola administración a través de convenios ou consorcios, para apuntar a necesidade de incidir na dimensión territorial da terra e na posibilidade de que haxa unha **xestión integral desa superficie**, así como de entrar a resolver definitivamente os problemas ocasionados pola pervivencia dos consorcios, unha figura que, tal e como apunta José Antonio Portos, hoxendía tende a desaparecer.

Augusto Pérez Alberti salienta a importancia da diferenciación entre os **campos abandonados e as plantacións**. A percepción social do monte vai en función do beneficio que se obteña del, é dicir, se dá cartos ou non. Por iso é



necesario potenciar o monte, procurarlle unha serie de usos cunha certa vertente de **ocio e ecoloxía**. O problema está en que a xente non se quere facer cargo do monte se non vai recibir unha gratificación económica a cambio. Por iso, Pérez Alberti tamén repara na necesidade de **fixar poboación na Galicia interior** e na urxencia de poñer en práctica unha política de **reconversión das plantacións naturais** en superficies capaces de mover cartos, que estean reguladas por unha serie de políticas de desenvolvemento local e rural nas que é fundamental que quede moi clara a implicación directa de cada un dos seus protagonistas.

## ASPECTOS POLÍTICOS

**A política forestal aplicada en Galicia desde a transferencia de competencias á Comunidade Autónoma en 1983, pode ser avaliada como continuísta ou rupturista respecto á definida desde a década de 1940?**

**A prevención e a loita contra os incendios, debe seguir sendo (ou parecendo) a protagonista da política forestal?**

**A estrutura parcelaria e os réximes de propiedade dos montes (individual ou veciñal, pero privada), en que medida limitan as posibilidades de intervención pública? E os intereses mercantís?**

**Dado que a maioría das transformacións en materia forestal esixen tempos longos, en que medida as decisións políticas poden adecuarse a eles? Desde este punto de vista, sería desexable e/ou posible unha especie de “consenso forestal”?**

**Dada a historia da intervención administrativa na materia e o pouso que deixou na poboación rural, cales poden ser as vías para que a Administración autonómica asuma capacidade interventora? Ou, polo contrario, debe optarse por un marco máis respectuoso coa propiedade privada?**

**Dado o custo político/electoral que poderían ter moitas medidas transformadoras, é realista pensar que se pode promover unha política realmente innovadora en materia forestal? Pódese ir máis alá de incrementar a eficacia na**



### **prevención e extinción dos lumes, aínda destinando a esa loita cuantiosos recursos?**

Plácido Baamonde comeza a última sesión afirmando unha **planificación a longo tempo** require de moito optimismo, paciencia e confianza no futuro. Unha cuestión, para el, moi difícil de casar coa política porque ningún dirixente fai plans para estar no poder durante as tres décadas que pode tardar en medrar un carballo. Unha afirmación á que Xosé Luis Barreiro Rivas responde que si que hai plans a longo tempo na política como é o caso, por exemplo, das iniciativas relacionadas co cambio climático. Por outra banda, Barreiro afirma que aínda que unha árbore tarde trinta anos en medrar, non é o mesmo ver unha **paisaxe de monte plantado** que unha de monte queimado.

Antonio Álvarez Sousa, da Universidade da Coruña, discrepa coa forma de expoñer a cuestión sobre se a política forestal en Galicia a partir dos anos oitenta é **continuísta ou raturista** con respecto á da década dos corenta, porque agora as condicións de vida son distintas ás de hai anos e, para el, fan que a comparación entre realidades non poida ser de todo viable. Do ano corenta en adiante fíxose unha política forestal que resultou acertada nuns aspectos pero moi desafortunada noutros. Así, o estado franquista levou a cabo unha serie de estratexias nos montes veciñais que se ben **eran axeitadas a nivel técnico foron rexeitadas en Galicia** e deron pé aos incendios programados e reiterados provocados propios veciños. Por outra banda, cando se produce o cambio a todos os niveis na sociedade galega e **o monte deixa de cumprir unha serie de funcións**, a poboación que en principio necesitaba do monte deixa de facelo e pasa a non preocuparse por el e a ter outras ocupacións, empezando así todo un proceso de **abandono do monte** e a adaptación dunha serie de políticas baseadas en ensaios importados doutros lugares de Europa.

Eduardo Rico Boquete, do Departamento de Historia Contemporánea da USC, concorda con que o contexto galego de 1940 e o de 1983 son moi distintos



en todas as súas vertentes. A política da década dos 40 vén determinada polo **interese de determinados sectores** industriais que contan cun gran poder que lles permite instaurar unha política nesgada e de acordo aos seus intereses. Serven como exemplo unha serie de proxectos de instalación de celulosas en Galicia con data da época. Hai certas liñas de continuidade cando se institúe *Icona* no ano 1971 e cando un ano despois, nunha das súas circulares, o propio *Icona* di que en virtude das súas necesidades habería que ir **abandonando a política de constitución de grandes masas de especies puras**, situando nela gran parte dos males e enfermidades do monte (fungos, incendios, etc), para apostar pola creación de bosques mixtos. Podemos observar aí un intento fracasado de *Icona* por modificar as liñas básicas da política forestal que se estaba levando ata entón. Unha liña de continuidade que está vixente en todo o período, malia a que en ningún momento se propón a posibilidade de iniciar actuacións con outras especies.

Francisco Fernández de Ana Magán sitúa o gran fallo de toda a política levada a cabo durante o franquismo no feito de instalar grandes áreas forestais sen deixar **un mínimo de reserva económica** para facer os traballos pertinentes. Se daquela se tiveran feito traballos silvícolas habería agora outros resultados, sobre todo teríamos percibido o gran resultado social que sería **manter o traballo no monte** e tería aparecido xente apoiando esa fonte de riqueza. Ao non facelo, o monte quedou abandonado e **pasou de ser unha fonte de traballo a ser un estorbo**. Por outra banda, cando se fixeron os primeiros tratamentos para paliar os problemas de tipo fitosanitario derivados das masas puras, non se tiveron en conta os danos colaterais que podían xurdir como, por exemplo, no momento no que se aplica DDT masivamente contaminando e matando cantidades inxentes de abellas, coa súa conseguinte perda ecolóxica e económica. Outro problema foi a **falta de axudas para abrir pistas forestais**: os veciños querían que se lles abriaran vías para ter mellor comunicación con outros lugares, pero a meirande parte deses camiños non chegaron a facerse.



Mercedes Casal, propón que se diversifique a produción forestal, o que implicaría, a súa vez, a existencia de **distintas quendas** en función da especie e enlazaría coa vocación económica e ecolóxica de cada territorio. Para a profesora da USC: “hai que diversificar por forza, xa que así o indica a lei da natureza”. É **necesario diversificar** creando un tipo de masa multifuncional. Ten que haber monte con vocación de conservación, con función ecolóxica e masas produtivas, contemplando esta multifuncionalidade a **integración de varias especies, producións e vocacións**.

Carlos Morgade afirma que somos fillos desa visión forestal nesgada herdada do século pasado porque do modelo do *Icona* pasouse a unha reclasificación precipitada da terra, chea de erros e con deslindes independentes. Segundo el, o que se necesita é unha política **economicamente rendible** a longo prazo, **tecnicamente viable e socialmente aceptada** que fose o resultado dunha confluencia de intereses. Un elemento fundamental para o profesor Álvarez Sousa é o feito de **non confundir a política coa planificación**. O que fai falta en Galicia é un gran plan forestal, é dicir, un proxecto de país, **unha planificación forestal global e integral** do territorio galego como non houbo nin hai ata agora en Galicia. Despois de que Plácido Baamonde citase o Plano Forestal elaborado pola Xunta, Álvarez Sousa procedeu a crítico-lo, restándolle importancia e cualificándoo de non-válido, por está feito por urbanitas” (aínda que Fernández de Ana Magán afirma que os redactores do plano si patearon moito monte) e sobre todo porque non foi consensuado por todos os sectores. Álvarez Sousa reclama a aplicación de dous tipos de prevención, unha conxuntural, e unha máis estrutural. Para o economista o principal problema é que aínda non se descubriu a orixe última dos lumes.

Barreiro Rivas fai unha reflexión en torno a que **até 1989** a perspectiva que se tiña dos incendios era moi distinta, e mesmo existía unha percepción do lume como un certo autorregulador do monte. Dende entón iniciouse en Galicia un certo duelo incendiario- Estado, no que o cidadán só observa e a administración, malia obter vitorias parciais, perde sempre. Barreiro engade



que entre 1982 e 1988 a política forestal da Xunta era **planeada con moita menos presión, o que permitía analizar mellor as causas estruturais**. Ademais, Barreiro denuncia que a acción da administración provoca que a cidadanía se despreocupe e se desmobilice. Polo tanto, reclama unha educación social ao respecto: *“Hai políticas impensables hai 3 anos, que cunha lixeira educación social, asúmese de xeito xeral”*. Para Barreiro é necesario facer pedagogía. Do mesmo xeito, pide que se **repense o modelo das indemnizacións** en compensación por desastres naturais, pois di que neste momento a proximidade da administración está provocando que a xente se aproveite.

Barreiro reclama asemade unha política global sobre o monte. Neste senso, cre que a creación da Consellaría de Medio Rural foi un loable intento de dar unha visión global ao problema do monte; porén, o que acabou por suceder é **que toda a súa actividade está condicionada pola loita contra o lume, o que deixa sen efecto a súa vocación de ofrecer solucións globais e equilibradas**. A este respecto, Plácido Baamonde cre que a Suárez Canal estalle pasando o mesmo que a Manuel Fraga en 1990, o que el denomina **“síndrome do lume”**. Unha masiva campaña de lumes provoca que durante o inverno se planifique unha política de extinción igualmente masiva e desproporcionada, e se tomen **medidas esaxeradas**. Barreiro Rivas concorda en que o modelo de extinción actual, herdado dos últimos gobernos de Manuel Fraga é caro, e igual de ineficaz que modelos máis pasivos, que poderían optar polo control dos lumes, no canto da súa extinción.

Eduardo Rico apunta que segundo as estatísticas dende 1960 ata agora arderon en Galicia unhas **700.000 hectáreas** de monte mentres que as repoboacións levadas a cabo por organismos do estado non chegaron ás **500.000 hectáreas**. Para el, se se contabilizan os resultados finais, os incendios son xa algo estrutural á comunidade galega. A política recente, continuísta, debería comezar por avaliar se eses incendios foron un negocio para o país; o que sinala a **necesidade de cambiar a política forestal**. Plácido Baamonde reflexiona sobre as dificultades que moitas veces atopa a



administración para poñer en marcha iniciativas positivas, centradas na prevención. Baamonde fala en concreto do enorme poder que en toda a década dos oitenta e noventa tiñan certos funcionarios, cun control moi forte a nivel local e provincial, paralizando as decisións tomadas dende a Xunta. Non é desexable que o problema dos incendios presida e **determine calquera tipo de planificación** que se queira poñer en marcha, pero debe terse en conta, e hoxe por hoxe é **inevitable** que sexa así, tanto no que leva consigo a planificación forestal como a territorial porque o lume ataca tamén ás casas.

O punto de vista da administración, ofrecido por Xosé Antonio Portos, Subdirector xeral para a Defensa contra os Incendios forestais, é igualmente que a prevención e a loita contra o lume non deberían ser os protagonistas da política forestal, pero non hai outro remedio que o sexan. A **presión dos medios de comunicación**, se o monte arde (aínda que sexa unha zona de mato) é difícil de soportar. Pon un exemplo sucedido este verán, cando o mesmo día se queimaron 300 hectáreas de monte raso en Chandrexa de Queixa, e non saíu unha soa liña nos xornais. E ao día seguinte ardeu unha hectárea e media na provincia de Pontevedra, preto dunhas casas, e foi portada de todos os medios. **A protección de casas e empresas faille á administración gastar millóns de euros.** O principal debería ser a política do monte, poñelo en valor. Neste caso é moi importante a creación do banco de terras, para que estes terreos se poñan a traballar, en lugar de quedar abandonados, ou de que se planten neles árbores sen expectativas de xerar beneficio económico.

Para Portos, o que sucede é que non hai ningún xestor político que coas experiencias previas non vaia ter o lume como prioridade. Por exemplo este ano os orzamentos de Medio Rural chegarán aos **125 millóns de euros** (70 millóns no pasado ano). Non hai ninguén disposto a deixar arder (aínda que en certas ocasións sexa unha medida moi racional). Isto, no que concorda Barreiro, é contestado por María García, que indica que a queima de monte raso empobrece moito os solos, reducíndoos as veces a unha capa de cinco centímetros sobre as rochas. A representante de Adegas denuncia que moitas veces esquécense os criterios medioambientais, que nunca son anecdóticos.



Reclama, ademais, equipos de extinción permanente (ao que o subdirector xeral respóndelle que o diñeiro público debe ser gastado con rigor). Barreiro entra na discusión afirmando que “*gobernar é repartir recursos*” e que “***gastar 125 millóns é unha tolemia***”. Porén, para María García, o que é unha tolemia é “*pagar as consecuencias das catástrofes naturais*”

Asemade, Portos anunciou a posta en marcha este ano do chamado “*programa lumes*”, que permitirá a comunicación instantánea dos lumes activos e dos medios empregados para a súa extinción. A importancia disto, ademais do relativo á comunicación pública, é para levar unha contabilidade máis exacta, xa que no pasado téñense detectados desfases entre os datos tomados no momento e os datos reais de até un 48%. A este respecto, Baamonde criticou a **política informativa** levada a cabo por Medio Rural no 2006, caracterizada pola “*máxima transparencia*”. Esta política, loable na súa intención de loitar contra a situación anterior de opacidade, ten consecuencias boas e malas, unha delas a alarma social que pode crear.



## **PERCEPCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN CÍVICA E INFORMACIÓN**

### **TRATAMENTO INFORMATIVO**

**Como foi o tratamento informativo que se lle deu ao problema da crise incendiaria en Galicia no verán de 2006? Foi o adecuado? (Reflexionar e debater sobre a valoración, avaliación, balance final –en termos de acertos/erros– e previsión ou tratamento informativo nos seus diferentes soportes e formatos). Analízalo tanto desde o punto de vista cuantitativo –en termos de cobertura, reacción dos medios, frecuencia, estrutura informativa, etc.– como cualitativo –facendo referencia aos discursos xerados, ás mensaxes emitidas e ás imaxes retransmitidas por parte dos medios de comunicación). Achegar, na medida do posible, unha perspectiva comparativa: outras crises anteriores ocorridas en Galicia e outros contextos e realidades.**

**Como foron os procesos de comunicación institucional despregados durante a crise incendiaria en Galicia no verán de 2006? Foron os axeitados? (Reflexionar e debater sobre a valoración, a avaliación, o balance final –en termos de acertos/erros– e previsión dos protocolos informativos e os procesos comunicativos desenvolvidos polas administracións central e autonómica). Achegar, na medida do posible, unha perspectiva comparativa: outras crises anteriores ocorridas en Galicia e outros contextos e realidades.**

**Desde a perspectiva da comunicación, que medidas ou estratexias se poderían levar a cabo de cara á educación, á formación, á sensibilización e á concienciación da cidadanía sobre esta problemática? Que modelo/s de comunicación de crise ou campaña de relacións públicas sería/n máis oportuno/s e adecuado/s? (Reflexionar e debater en torno ás formas de educar, formar e transmitir á sociedade información sobre as cuestións relativas a riscos e emerxencias con respecto á prevención dos incendios forestais).**



Xosé Rúas considera que o **tratamento informativo** que se lle deu á crise provocada polos incendios do verán de 2006 foi **correcto**, aínda que tamén se produciron erros como, por exemplo, algunhas das declaracións realizadas polas autoridades políticas. Rúas falou da necesidade de elaborar **estratexias de comunicación** de cara a futuras situacións de crise similares, xa que desas estratexias vai depender a visión que os cidadáns teñan do conflito. A política de comunicación ten que ser **proactiva**, non reactiva. Non hai que esperar a que algo suceda para solucionar o problema, cómpre telo previsto con anterioridade. Neste senso é fundamental organizar cuestións como **a mensaxe, a súa xestión e os voceiros autorizados**. Son necesarias estratexias a medio e longo prazo onde se delimiten de xeito claro eses tres puntos. Rúas aposta por unha xestión e un voceiro único. Outro tema importante foi o emprego das **novas tecnoloxías** para lles facer chegar as noticias a todos os interesados; así, as páxinas web erixíronse en fontes de información esenciais.

Plácido Baamonde afirma estar sorprendido ante o enorme fluxo de información xurdido no verán de 2006, xa que nunca os incendios acadaran tal repercusión mediática nin xeraran tantas noticias, aínda que non está seguro de que esa inxente cantidade de información fose positiva. Por primeira vez, produciuse unha **análise exhaustiva da situación**, aínda que non sempre con enfoques axeitados, o que deu lugar en ocasións a información nesgada.

Xesús Pereiras concorda con Xosé Rúas ao sinalar que as **páxinas web** foron esenciais á hora de buscar e de **consultar datos**, pero discrepa no feito de considerar axeitado o tratamento informativo que se lles deu aos lumes. Por exemplo, non está de acordo en que **se emitisen por televisión imaxes dos incendios** cando aínda estaban activos, xa que o lume posúe un gran poder de xerar imitación e, dalgún xeito, pode provocar que se prendan máis. Tamén hai que ter en conta o **atractivo da espectacularidade**, porque os pirómanos poden pretender buscar certa satisfacción e notoriedade ao ver a súa “obra” a través da pantalla.



Para Xoaquín Pedrido a televisión serviu máis para emocionar que para informar. Outros anos arderon máis hectáreas de monte e non houbo tanta repercusión mediática. Para el, o tratamento que se lle deu ao tema desde a televisión pública de Galicia foi o adecuado, xa que se puideron **escoitar as voces de todos os implicados** no conflito: desde os políticos ata os afectados, pasando por especialistas, bombeiros, forzas da orde, etc. Houbo unha auténtica información de proximidade ao desprazar equipos ata o mesmo centro dos incendios en calquera lugar da comunidade. Respondéndolle a Xesús Pereiras, di que **as imaxes non son escandalosas**, son estampas da realidade, o único que pode chegar a ser escandaloso é o seu emprego. Tamén afirma que cómpre que os lumes aínda activos se poidan ver pola televisión para que a xente tome conciencia do que pode pasar.

Para Xosé Luís Barreiro Rivas a actuación dos medios non sempre é unha opción. Se acontece un feito relevante, **non é posible non informar**. Ademais, a rede mediática ten a capacidade de **transformar a realidade**. No verán de 2006, a xente falaba máis dos lumes que vía pola televisión que dos que tiña ao carón da súa casa. Este feito non cambia a realidade, pero si supón unha perspectiva diferente.

Carmela García afirma que **a televisión é a principal fonte de información** para case a metade da poboación, fronte a un terzo que prefire informarse a través da prensa. No que todos coinciden é en que, con respecto aos lumes de 2006, **houbo moita información mais de pouca calidade**, algo co que tamén está de acordo Xesús Laxe, quen afirma que, malia que é certo que o número de noticias referentes ao tema medrou cuantitativamente, non fixo o mesmo cualitativamente. Laxe tamén coincide con Xesús Pereiras en que a visión do lume pola televisión pode ser contraproducente. É mellor ver os estragos dos incendios que as lapas, para evitar o posible efecto de fascinación que pode ter o lume. Por outra parte, apunta a que o tratamento informativo dos incendios se deixou en mans de profesionais dos medios de comunicación non especializados e con pouca experiencia, o que provocou que se lles dese **máis relevancia ás declaracións dos políticos** que aos feitos en si. No tocante a



quen debe dar a información de carácter institucional, avoga pola centralización e por un voceiro único.

Iria Méndez opina que en 2006 houbo por primeira vez desde a Consellaría de Medio Rural unha **verdadeira planificación informativa** con respecto aos incendios e que se lles explicou aos medios de comunicación que procedementos se ían seguir en cada caso. Tamén destaca a importancia das novas tecnoloxías como fonte de información e subliña a celeridade coa que se **dixitalizaron os datos** correspondentes aos lumes para que calquera persoa ou institución interesada puidese ter acceso a eles. Por outra banda, e respondéndolle a Xesús Laxe, afirma que o **grao de especialización** que chegaron a acadar moitos xornalistas despois de traballar na información relativa aos lumes durante varias semanas foi moi importante e que, polo tanto, ao informar sobre a situación facíano con coñecemento de causa. Unha afirmación coa que Álvaro García non está de acordo, xa que, para el, os programas informativos teñen máis de opinión que de información. Tamén sinala que a especulación aumenta a crise e que sen datos obxectivos e expertos no tema é mellor non facer afirmacións.

Para Francisco Díaz-Fierros o problema da información non está tanto no xornalista como na persoa que informa a ese profesional, sobre todo se provén dos eidos das ciencias e das técnicas. Na actualidade existe moita dificultade entre estes profesionais para adoptar un discurso divulgativo, sinxelo e directo. Incluso o contexto institucional no que se desenvolven as actividades científico-técnicas foi empeorando nos últimos tempos no relativo aos estímulos sobre a práctica da divulgación científica. Para que a **información sexa veraz** e axeitada, cómpre que **só haxa un voceiro**, figura que debería estar recollida na Lei de incendios. Tamén opina que a información de carácter científico ten que estar relacionada coa sociedade e que os xornalistas son máis receptivos que os científicos ou, polo menos, por norma xeral, adoitan presentar máis predisposición de cara a un traballo conxunto. Francisco Lage pensa que **os xornalistas son moitas veces un estorbo** para os profesionais que traballan nas tarefas de extinción do lume. Un reporteiro non pode chegar a un lugar e facer presión sobre os bombeiros ou sobre as forzas da orde,



especialmente se hai que salvar vidas. Ademais de mesura, pide obxectividade e verificación de datos, e tamén salienta que houbo informadores (fotógrafos, cámaras...) que puxeron en risco as súas vidas achegándose demasiado aos focos de lume e engadindo unha preocupación máis aos responsables da súa extinción.

Carlos Vales incide na tendencia a visualizar os incendios como un problema estacional e autonómico cando, en realidade, **son algo estrutural**, político, agrario e forestal, un problema que está aí desde hai moito tempo e que é necesario arranxar. **A xestión do territorio** é unha parte importante do traballo que hai que facer. Xesús Pereiras cre que é necesario abordar o tema dos incendios durante todo o ano aínda que non haxa lumes relevantes, por exemplo, durante o inverno. Tamén salienta que só un 12% das novas dos xornais sobre o lume ou a información ambiental, en xeral, proceden do ámbito científico. Ricardo de Castro destaca a necesidade da **intervención preventiva** fronte á de xestión durante a crise.

Alfonso González está de acordo en que a clave está na planificación: **hai que planificar de cara ao futuro**, con políticas a medio e longo prazo. No tocante aos medios, afirma que é imprescindible deixar de criminalizalos. Os medios non provocan os incendios. Ademais, considera necesario que exista unha mensaxe única, aínda que non fai falla un voceiro único. Por outra banda, considera que a información ten que ser sempre de primeira man e que a **transparencia é fundamental**.

Ramsés Pérez sinala que moitas novas quedan no suceso cando o que habería que saber é de onde veñen e cara a onde van. Os medios de comunicación deberían comentar o proceso e explicar a súa complexidade. **O exceso de información tamén implica problemas**, como puido ser o efecto “voluntariado”: en moitos lugares houbo auténticas dificultades para atender todos os voluntarios que se presentaron nas zonas en que se producía o lume. Para Fernando Lahuerta, xestionar toda a masa que se desprazaba ata os lugares nos que aínda estaba vivo o lume supoñía un gran problema, polo que considera imprescindible que se desenvolvan programas de acción social e de planificación.



Ricardo García Mira fala de que **a comunicación é un proceso vinculado á participación** en que é imprescindible que exista unha retroalimentación. Aos medios tamén hai que esixirlles responsabilidade. Non todo o que chega ás redaccións se publica. A confianza é fundamental. Para Mercedes Casal o tratamento informativo dos incendios do verán de 2006 foi excesivo, o que acabou producindo **saturación e angustia**. Por outra banda, a información que se publicou e a que se difundiu a través de distintos medios pareceulle, en xeral, pouco precisa, mal expresada e formulada desde puntos de vista tremendistas, e presenta a posibilidade de establecer unha especie de pacto de información entre os medios para evitar a saturación e eliminar o alarmismo. Porén, Barreiro Rivas dubida de que sexa posible chegar a ese pacto informativo, debido á que a información nunca é neutra. E dubida tamén de que sexa totalmente desexable, pois un pacto podería dar a impresión de que as cousas melloran sen facelo realmente.

Xosé Pereira afirma que a maior parte da información que ofreceron os medios sobre o lume era **veraz, fiable e correcta**. Ademais, o balance de incendios foi o que máis presenza tivo nos medios e iso son datos obxectivos. Fala tamén dos condicionantes dos xornalistas, que reciben información de distintas fontes e teñen que escoller e seleccionar. Non se pode publicar todo o que chega aos medios, nin no tocante á cantidade nin no relativo á forma, xa que o xornalista ten que converter o que lle conta o experto **en algo comprensible** para toda a poboación.

Regina Polín di que a información pecou de exceso en canto ao cuantitativo e de escaseza no que respecta ao cualitativo. Tamén afirma que a xuventude actual pasa **máis tempo diante da televisión que no colexio**, polo que os medios deben potenciar o seu labor educativo e cultural. Unha opinión coa que concorda Ramsés Pérez, que incide na importancia do labor pedagóxico dos medios e da necesidade de instruír á poboación sobre certos temas a través da televisión. Para Xesús Lage, **o papel dos profesores** de ensino secundario é **fundamental**. Fai falla máis cultura e distinguir entre a información xenérica e a específica. Regina Polín opina que cómpre coidar o



monte e aprenderlle á xente a respectalo e apreciálo, e canto antes reciba o individuo esa mensaxe, é dicir, canto antes a interiorice, mellor.

Para Fermín Bouza, a **catástrofe era necesaria**, pois constitúe un punto nodal na **fase de inevitable modernización do país**. Considera que, cifras obxectivas á marxe, a vaga de lumes foi socialmente máis importante que a de calquera outro ano, debido á súa significación mediática. Os lumes poderían emerxer, por primeira vez, como tema público, algo imprescindible para que Galicia encare a recta final da súa modernización. Porén, para que iso sucedese, **os medios deberían converter o asunto nun problema público e, no canto diso, tratárono como un espectáculo e como un problema político**. Cando un asunto se sitúa na loita política, a xente adoita a non consideralo un problema real. Para Fermín Bouza, existen dificultades á hora de trasladarles a información aos cidadáns, polo que as **actividades informativas deberían orientarse cara aos sistemas nodais, conformados no rural fundamentalmente polas igrexas e as escolas**. Bouza lembra os datos das enquisas que realiza o CIS sobre as principais preocupacións dos cidadáns, que considera “*unha radiografía do que a xente ten na cabeza*”. En Galicia, **os lumes non aparecen entre esas principais preocupacións, non existe esa concienciación**. É preciso, polo tanto, que os medios enmarquen os lumes doutro xeito para axudar a que os cidadáns os perciban como un problema público.

Xosé Rúas apunta que durante o verán de 2006 as autoridades políticas estiveron presentes en moitos dos lugares nos que se produciron os incendios, o que axudou a canalizar a información. Tratábase neses intres de fontes primarias a pé de obra. Rúas concorda con Xosé Pereira en que non todo o que sabe un xornalista pode saír publicado na prensa, polo que os expertos deben ser flexibles e non censurar a información difundida só porque non se empreguen as súas mesmas verbas. No tocante ao “pacto” proposto por Mercedes Casal, pensa que máis que dun acordo dese tipo habería que falar dun código para buscar **a bidireccionalidade do fluxo comunicativo**.

Álvaro García afirma que o gran despregamento mediático que se levou a cabo produciu certa sensación de caos. Mesmo fala dunha competición dentro



dos medios de comunicación para ver quen daba primeiro as noticias, cos problemas e inconvenientes que iso leva consigo. Esta idea compártea Xosé Antonio Portos, que apela ao **sentido da responsabilidade dos medios** para que non se volva producir unha loita para buscar titulares. Pola súa banda, Carlos Vales di que hai que ter en conta que o tratamento informativo dos incendios non foi igual en todos os medios de comunicación e salienta, igual que Mar de Santiago e Iria Méndez, a necesidade de desenvolver **políticas de comunicación a medio e longo prazo** de carácter proactivo, así como de fomentar o emprego dunha **linguaxe menos alarmista e catastrofista**.

Manuel Antonio Fernández fala da necesidade de tomar medidas contra os incendios durante todo o ano e non só cando aparece o lume. Apunta cara a un interese sistemático en queimar o monte galego e fai fincapé en **iniciativas de carácter preventivo**, como o cambio na titularidade do solo ou a modificación da autonomía dos concellos, medidas de prevención que terán que enfocarse cara ás bases estruturais do sistema, e políticas de planificación e ordenación do territorio serias e eficaces.

Desde o punto de vista de Xosé Luís Barreiro Rivas, a información peca de alarmista. O tratamento que se lles deu ás noticias relacionadas co lume foi, en moitas ocasións, dramático e esaxerado. Hai que entender que os medios de comunicación non van sufocar os incendios, pero si que poden **contribuír a crear conciencia**, aínda que sexa un proceso a longo prazo. Os medios de comunicación teñen **unha función social** moi importante.



## EDUCACIÓN CÍVICA E PERCEPCIÓN SOCIAL

**Están os incendios entre as preocupacións dos galegos como parte da súa axenda? (Reflexionar e debater sobre o peso e importancia dos incendios nas dinámicas cotiás da cidadanía en Galicia –se é preciso, diferenciar a poboación rural da urbana–, atendendo ás diferentes dimensións: económica, política, demográfica, social, cultural, etc.). Achegar unha perspectiva comparativa (outras crises en anos anteriores, e a valoración nestes termos, sobre o antes e o despois da crise incendiaria vivida en Galicia o pasado verán) e abrir o debate a outras realidades e circunstancias.**

**Que aspectos consideran prioritarios as administracións competentes para reducir o risco en materia de incendios forestais? Coinciden estes aspectos coa percepción social do risco? (Reflexionar e debater sobre a forma de entender os riscos e a súa xestión de cara a reducir a vulnerabilidade e a exposición).**

**Cal sería a mellor ou máis apropiada forma de articular a participación pública na xestión dos riscos de incendios forestais? (Reflexionar e debater sobre a importancia ou necesidade de implicar a comunidade na xestión dos riscos).**

**Como e/ou cal debería ser o modelo que cómpre seguir tanto na orientación educativa como na sensibilización da poboación con respecto aos incendios forestais? Sería máis axeitado establecer un enfoque global dos riscos e das consecuencias das nosas intervencións sobre o territorio? ou, talvez sería máis eficaz un enfoque centrado nos danos, as perdas e os problemas resultantes dos incendios? (Reflexionar e debater en torno ás formas de educar e formar a sociedade nas cuestións relativas a riscos e emerxencias con respecto á prevención dos incendios forestais).**

**É axeitado o tratamento que se lles dá aos incendios no currículo escolar? (Reflexionar e debater sobre se está suficientemente recollido, se a metodoloxía é a adecuada, se a distribución por cursos (primaria-secundaria) é a correcta, e se existe material de apoio, etc.).**

**Percibiuse algún cambio por parte dos actores implicados no ámbito educativo tras a crise incendiaria en Galicia no verán de 2006? (Reflexión sobre as actitudes dos principais actores: alumnos e profesorado, así como as propostas das administracións implicadas na educación ambiental).**



**Corresponde a importancia, en termos ecolóxicos e económicos que este impacto ten, co tratamento (maior ou menor relevancia) que se lle dá nos plans de educación ambiental levados a cabo nas diferentes administracións e/ou noutras entidades? (Reflexionar e debater sobre a valoración e consideración das cuestións relacionadas coa formación ambiental por parte das institucións correspondentes).**

**Cal debería ser a prioridade da Educación Ambiental? Dirixila soamente cara aos alumnos ou tamén cara ao resto da sociedade? Neste sentido, deberían existir programas específicos nas áreas de especial risco? (Reflexionar e debater sobre a orientación das cuestións relacionadas coa formación ambiental por parte das institucións correspondentes).**

**Como se debería abordar o tema da sensibilización social cara á problemática dos incendios forestais? Explicando directamente as consecuencias dos incendios, ou dunha forma indirecta, sensibilizando sobre a importancia dos ecosistemas forestais? (Reflexionar e debater sobre as formas de educar e formar a sociedade nas cuestións relativas a riscos e emerxencias con respecto á prevención dos incendios forestais).**

Ricardo García Mira e Carmela García González presentaron as conclusións do estudo sobre *A percepción social dos incendios forestais do 2006 na poboación galega*, realizado pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e o Usuario (PsiCom), da USC. O obxectivo deste traballo, composto por 651 enquisas levadas a cabo en abril, era **avaliar a percepción pública dos efectos e as causas dos lumes**, así como a actuación das distintas administracións e actores vinculados ao monte. É dicir, o estudo pretende, mediante escalas subxectivas de avaliación, obxectivar a repercusión social e as representacións ou imaxes creadas polos cidadáns.

García Mira salientou a énfase posta polos cidadáns nas “*accións criminais intencionadas*” como causa principal dos lumes, aglutinando case un terzo das respostas, por diante doutras causalidades relacionadas coa “*actitude irresponsable da xente*”, as “*altas temperaturas do verán*” ou o “*abandono do monte*”. García Mira atopa nesta resposta un indicio dunha **tendencia da sociedade galega a eludir a súa responsabilidade individual e colectiva**. Sobre todo, tendo en conta que a atribución de responsabilidades



realizada polos enquisados se centra en **actores externos** a eles, en especial na Administración autonómica, culpable da grave situación do pasado agosto para o 21% dos entrevistados, unha cifra moi superior á que sinalan en primeiro lugar os propios veciños, a xente. En consecuencia lóxica, a “*vixilancia e implicación policial*” é sinalada como a mellor solución por unha parte moi importante dos entrevistados (27,8% das respostas), resposta que supera outras medidas vinculadas á prevención (27,5%), do mesmo xeito que máis cidadáns piden “*máis medios de extinción*” (11,6%) que “*máis educación*” (7,2%).

A enquisa indica que tan só o 17% dos galegos afirma non ter relación ningunha co monte. Pero, así e todo, a atribución de responsabilidades segue a ser externa, mesmo entre os propietarios. O **receo cara á Administración** que apunta a enquisa podería servir de acicate e ser compensado por unha vontade de acción social e participativa; porén, na enquisa tampouco se amosa esta vontade de participación colectiva. Por esta razón, García Mira reclama un “*necesario*” **cambio cultural** e a posta en marcha de estratexias de educación e comunicación social para incentivar a participación colectiva, como por exemplo, paneis cidadáns, enquisas, publicación de informes e estudos, debates, co obxectivo de crear coñecemento, concienciación e debate ao redor da ordenación do monte. A este respecto, García Mira fixo referencia ás iniciativas de educación ambiental de cargos públicos locais postas en marcha pola Deputación da Coruña.

Chama moito a atención que, dun xeito maioritario, case que absoluto, a sociedade galega **percibe que no verán de 2006 a cantidade de incendios foi maior que outros anos** (así o pensa o 87,6% dos entrevistados); tamén foi superior a superficie queimada (o 86,5% creo así), aínda que houbo algún ano anterior no que se superaron estas cifras.

Son moi inferiores, aínda que igualmente maioritarias, as respostas que afirman que tanto a implicación da Xunta como a dos concellos foi maior, así como os medios de prevención e extinción. Porén, Carmela García indica que os datos obxectivos sinalan que os datos de 2006, malia ser superiores aos doutros anos, non supuxeron unha marca histórica (Plácido Castro concreta que en 1995 houbo o dobre de lumes que o pasado ano). Isto leva a Carmen García a



salientar a **diferenza entre realidade obxectiva e percepción subxectiva**, atribuíble a unha maior **exposición ao lume** (incendios máis preto das casas e das zonas máis poboadas) e a un maior despregamento mediático. De igual xeito, advírtese unha contradición entre o escaso número de persoas que declaran que o lume influíu directamente nas súas vidas (8% dos entrevistados) e aqueles que o perciben como un problema persoal e centran os seus sentimentos ao redor da indignación, o nerviosismo e a tristeza. Esta implicación foi, polo tanto, resultado dunha **percepción mediada** a través dos medios de comunicación, principalmente. A enquisa revela, así mesmo, que a **televisión** foi, con certa diferenza, o medio escollido polos cidadáns para informarse sobre os lumes, seguida da prensa, mentres que o uso do resto das fontes de información (radio, veciños, internet...) practicamente foi anecdótico. Barreiro denuncia o impacto excesivo da televisión na sociedade actual, que a converte no principal medio informativo, con gran diferenza sobre os demais. En consecuencia, a televisión adquire unhas funcións formativas e socializadoras que pouco a pouco son abandonadas por outros actores tradicionais, como a familia.

Plácido Castro lembra que, dado que en Galicia o 98% do monte é de propiedade privada, a **acción da Administración pública** (agás no 2% de monte público) pode ser **unicamente normativa, indicativa ou formativa**. A este respecto, Xesús Lage lembra os estudos realizados pola Xunta en anos anteriores destinados a sentar as **bases dunha verdadeira educación ambiental** en Galicia, por exemplo, as *Bases para a divulgación dun plan de cultura forestal*, realizado en 1991 e nunca feito público nin posto en marcha. Pola súa banda, Iria Méndez, xefa de prensa de **Medio Rural**, fixo un repaso polas **accións informativas** levadas a cabo pola súa consellaría durante o ano 2007 compostas principalmente pola realización de 600 charlas informativas dirixidas a distintos sectores, 250 delas impartidas en centros escolares. Ademais, editouse unha obra divulgativa da que se publicaron 30 000 exemplares, repartidos por toda Galicia; montouse unha exposición itinerante e repartíuse polos colexios unha serie de unidades didácticas elaboradas pola AS-PG.



A este respecto, Xesús Pereiras denuncia a **ausencia de coñecemento** e de contidos divulgados **nos centros educativos galegos sobre os problemas e potencialidades do monte**, mesmo naqueles lugares cunha superficie forestal importante e nos que o monte constitúe unha das súas principais bases económicas, ou que contan con comunidades de montes moi activas. Pereiras xulga que a orixe do problema está na **ausencia de todos estes temas nos deseños curriculares** de educación primaria e secundaria. En concreto, no estudo realizado por Xesús Pereiras e Aurora Puentes en maio de 2006, afirmase que dos dezaseis libros máis utilizados na educación primaria, só un trata o tema do monte, pero nin sequera fai referencia á problemática galega. No que respecta á ESO, existe unha materia optativa chamada Educación Medioambiental e da Saúde, pero só un dos tres libros existentes incide nos asuntos relacionados co noso país. Finalmente, no bacharelato o monte só entra nos temarios dunha materia optativa chamada Ciencias da Terra. Fernando Lahuerta lembra que só existen en Galicia uns **catro ou cinco módulos de FP centrados na xestión do mundo rural**, e que, ademais, todos eles teñen un número moi reducido de alumnos e unha demanda moi escasa. Ao fío destes comentarios, Alfredo Rodríguez lembra que neste momento estase debatendo o borrador da **Lei de educación de Galicia**, que vai fixar os deseños curriculares do ensino primario, o ensino máis relacionado co mundo rural en Galicia.

Pereiras denuncia tamén que os profesores da educación obrigatoria están desbordados, e pídelles ao **resto de actores formativos**, comezando pola familia e os medios de comunicación, unha **maior preocupación** pola educación dos pequenos, neste caso pola súa educación ambiental. En definitiva, Pereiras reclama unha educación ambiental xeneralizada na sociedade que axude a solucionar os problemas e que non se limite a sensibilizar os cidadáns. Do mesmo xeito, Carlos Vales reclama que esta educación ambiental, que debe ser realizada tamén na educación regrada, **non sexa unicamente un asunto escolar**, senón que teña un papel en todos os ámbitos e espazos da sociedade. En especial, indica Vales, porque a educación primaria e secundaria por si soas non poden cambiar a sociedade, sobre todo se temos en conta o bombardeo de mensaxes que reciben os rapaces



principalmente ao chegaren á adolescencia, discursos consumistas moi afastados da conciencia ambientalista. Así mesmo, Vales reclama que a educación ambiental se dirixa en especial aos sectores sociais con maior capacidade de decisión sobre os problemas (xornalistas, políticos, xestores turísticos...), ou precisamente aqueles que causan os problemas. Ramsés Pérez, de Adegas, coincide con Vales en que a educación ambiental debe atinxir a todos os axentes sociais. Pola súa banda, Aurora Puentes reclama incidir na **educación escolar, que debe formar cidadáns críticos**, chamando a atención sobre os valores ambientais do monte, alén do seu valor económico.

A xeito de **propostas e estratexias de educación ambiental**, Ricardo de Castro, representante da Junta de Andalucía, puxo sobre a mesa unha experiencia desenvolvida na súa Comunidade, consistente na creación de **redes comunitarias de voluntariado**, dedicadas á recuperación de zonas moi danadas e cunha **composición diversa**: universitarios e veciños do lugar. Pola súa banda, Ricardo García Mira propón seguir o exemplo de países como Holanda e crear **equipos ambientais nas empresas**, partindo do principio de que “*o que se aprende nun lugar considerado importante (escola, traballo, familia, igrexa...) calla mellor na xente*”. Finalmente, Xesús Lage reclama que os **medios de comunicación resalten as iniciativas positivas**, como por exemplo as realizadas pola asociación ambientalista pontevedresa Vai polo Río, como un bo xeito de concienciar a xente sobre os problemas medioambientais existentes na súa zona, e informalmente das posibles solucións.